



O CESGA convértese no primeiro centro de supercomputación en España en lograr o certificado de calidade ISO 9001:2000

A auditora DNV fixo entrega esta mañá da mesma ao seu presidente

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2006.- O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) convértese no primeiro centro español de supercomputación en conseguir unha acreditación que ratifica a calidade dos seus sistemas de xestión, ao recibir a certificación ISO 9001:2000 por parte da auditora Det Norske Veritas (DNV).

O acto, que se desenvolveu esta mañá nas dependencias do CESGA, contou coa presenza do presidente do CESGA e director xeral de I+D+i da Consellería de Innovación e Industria, Salustiano Mato de la Iglesia, e do seu director xerente, Javier García Tobío, que recibiron o certificado acreditativo de mans do auditor xefe e delegado en Galicia de DNV, Luís Alejandro. Tamén estivo presente no mesmo, o director xerente de EOSA Consultores, Antonio de la Cruz.

Compromiso coa calidade

Tras a análise ao que foron sometidos procesos de prestación de servizos do Centro, a auditora DNV veu en conceder á Fundación e á Sociedade Centro de Supercomputación de Galicia este distintivo de calidade, segundo o cal, o Centro acredita que os seus sistemas de xestión son garante da mellora continua da calidade dos servizos e produtos que ofrece.

O certificado de calidade ISO 9001:2000, creado polo Organización Internacional para a Estandarización, é o primeiro que se outorga a un centro de supercomputación no estado español e un dos primeiros en Europa, o que supón un reforzamento dos obxectivos do CESGA, orientados cara á promoción de servizos de apoio á investigación, desenvolvemento e innovación no ámbito das TIC, así como cara ao fomento de servizos de cálculo intensivo e comunicacións.

Para a súa obtención, o CESGA contou co soporte das consultoras EOSA e AdV e coa implicación de toda a dirección e persoal do Centro.

Coa consecución deste logro, a entidade pretende ratificar o seu compromiso de calidade cos máis de cen mil usuarios que acceden aos seus servizos, procedentes das institucións universitarias e de I+D+i galegas e do CSIC –entorno aos cincocentos usuarios en servizos de cálculo e almacenamento e máis de cen mil usuarios na Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia.

Para máis información, contactar co Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), no número de teléfono 981 56 98 11.